



nota de prensa

Veciñanza lamenta a propaganda baleira do Goberno Municipal de Cuntis e pídelle que presente os orzamentos en tempo e forma

O Goberno Municipal de Cuntis instálase na propaganda, reitera a maioría das promesas incumpridas da campaña electoral e non será capaz de presentar os Orzamentos do ano 2020 en tempo e forma, malia contar con máis concelleiros/as ca nunca.

Cuntis. 10 de decembro de 2019

A pasada fin de semana o Goberno Municipal de Cuntis fixo pública, en foto de grupo, unha sobredose de propaganda tan característica como innecesaria, xa que poucas novidades aportou. Quizais a máis importante foi a que omitiu: que, **malia contar con máis concelleiros/as que nunca, non será capaz, de novo, de ter os Orzamentos para o ano 2020 en vigor o primeiro de xaneiro.**

A foto desta fin de semana non vén a reincidir máis que nas promesas do programa electoral do PSOE, xa que os primeiros meses de legislatura non presentan máis resultado que o abuso de propaganda pagada con fondos públicos. **É lamentable que o goberno local reduciра as sesións plenarias a simples rituais sen contido**, nos que unicamente se debaten as iniciativas de Veciñanza. **É no pleno onde debera dar conta ao resto da Corporación dos proxectos en marcha e dos previstos, pero desgraciadamente prefire anunciarlos nos medios de comunicación**, que para iso adica inxentes cantidades de diñeiro público á publicidade e á propaganda institucional.

A respecto das promesas que trascenderon desta reunión, é importante sinalar o seguinte:

- **A chamada “remodelación do Polígono Industrial” limitase ao acondicionamento do vial cos fondos da Deputación de Pontevedra**, cuxo panel colocou nas semanas previas ás pasadas eleccións municipais e que aínda non ten data fixa de execución. Á falta de poder ofrecer novos avances, despois de case cinco anos, a ver se polo menos o Goberno Municipal de Cuntis pode ‘asfaltar’ o vial que conecta a N-640 coa PO-220.
- A reforma da que será a nova sede da Fundación Terra Termarum depende dos fondos europeos que poida conceder o GDR Salnés Ulla – Umia, malia que o PSOE de Cuntis



nota de prensa

- coloque tamén esta aspiración na súa particular carta aos Reis Magos e incluso como propia.
- **A reforma da escola de Meira é unha vella aspiración que, despois de perder a subvención de case un millón de euros do Plan de Reequilibrio Territorial da Deputación de Pontevedra do ano 2017, agora o Concello de Cuntis ten sen definir.**
 - De novo o discurso do Goberno Municipal sitúa o turismo como aposta preferente, limitando á colocación de sinais e mantemento de sendas as súas ideas para esta área. **Nin tan sequera se plantexa a elaboración dun plan de desenvolvemento ou dunha estratexia minimamente articulada. Cómpre recordar neste punto que a web oficial de turismo do Concello de Cuntis leva activa na rede e sen actualizar dende o ano 2015.**
 - Non confirma esta iniciativa publicitaria a contratación da terceira praza da policía local, cuestión que no último pleno formulou Veciñanza e que o Alcalde se negou a concretar, como estaba anunciado xa dende o ano 2017.
 - Remata facendo unha vaga alusión a “reunións cos veciños”, cando **o único resultado que o PSOE pode presentar en materia de participación veciñal é a incapacidade para organizar un procedemento de orzamentos participativos e a súa posterior liquidación.**

De entre os asuntos que omite e que non parecen figurar entre as prioridades deste goberno están o estudo comprometido para ubicación dunha futura escola infantil pública, a decisión sobre as pasarelas de madeira do río Gallo, as reformas esquecidas das rúas da Palma e do Convento, o PXOM, etc. Tampouco están, como confirmou no último pleno o Alcalde Campos, a actualización das ordenanzas fiscais nin se prevé a redución dos inxentes gastos en publicidade, propaganda e autobombo que caracterizan a este grupo de goberno.

Veciñanza lamenta esta tendencia baleira e incapaz en moitos casos de concretar os anuncios para mellorar as condicións de vida dos veciños e veciñas de Cuntis. A pesar disto, unha vez máis ofrece colaboración para o impulso de iniciativas de fondo calado que poidan reverter as condicións nas que Cuntis segue a perder poboación e recursos.